

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 7 de abril de 2008, polo que se aproban as Normas reguladoras da flexibilización de xornada do persoal da Administración parlamentaria por motivos de conciliación da vida persoal e laboral

O Parlamento de Galicia, en canto poder público da Comunidade Autónoma galega, dispón de autonomía institucional e administrativa.

Como expresión desa autonomía, o Parlamento de Galicia, mediante a aprobación do Estatuto de persoal (DOG núm. 248, do 26 de decembro de 2007), dotouse dunha disposición legal que regula de maneira completa o réxime xurídico do persoal da súa administración, rematándose así coa necesidade de recorrer á aplicación supletoria das normas extraparlamentarias nesta materia.

A aplicación supletoria das normas extraparlamentarias producirase só cando a normativa legal ou regulamentaria da Cámara non discipline o sector normativo e exista un acordo expreso en tal sentido polos órganos competentes do Parlamento.

En consonancia con isto, o recente Estatuto básico do empregado público deixa fóra do seu ámbito de aplicación o persoal das Cortes Xerais e das asembleas lexislativas das comunidades autónomas, sinalando expresamente que as súas disposicións só se lles aplicarán cando a lexislación específica dese persoal así o dispoña.

No capítulo XI do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia regúlanse os permisos e as licenzas a que ten dereito o persoal da Administración parlamentaria.

A disposición derradeira primeira do Estatuto de persoal faculta a Mesa do Parlamento de Galicia para ditar cantas disposicións considere necesarias para o desenvolvemento do Estatuto de persoal e para adoptar acordos que poidan ampliar os dereitos das empregadas e dos empregados públicos do Parlamento de Galicia.

A Mesa da Cámara, en sesión do 7 de abril de 2007, sensible coas necesidades de conciliación da vida laboral e familiar e ao abeiro do disposto na referida disposición derra-

deira primeira do Estatuto de persoal, acorda ampliar os dereitos do persoal ao servizo da Administración parlamentaria en materia de permisos para a flexibilización da xornada de traballo por motivos relacionados coa conciliación da vida persoal e laboral e dispón:

Artigo 1. Ámbito de aplicación e requisitos.

O disposto nestas normas seralle aplicable ao persoal funcionario de carreira ou interino, laboral e eventual ao servizo da Administración parlamentaria galega con fillos/as ou acoillidos/as menores de doce anos, ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou por avanzada idade, necesitan a asistencia doutras persoas.

Tamén lle será aplicable ao dito persoal que sexa vítima de violencia de xénero, e ao que se atope en proceso de nulidade, separación ou divorcio desde a interposición da demanda xudicial ou, por decisión da persoa interesada, desde a solicitude de medidas provisionais previas, ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou, se é o caso, desde a citada solicitude.

Artigo 2. Horario diario de referencia.

Establécese como horario diario de referencia dentro do cal se poderá flexibilizar a xornada de traballo o comprendido entre as 8.00 h e as 20.00 h.

Artigo 3. Solicitudes.

1. O persoal poderá solicitar da Oficialía Maior, a través da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior, a flexibilización da xornada de traballo dentro do referido horario diario de referencia, concretando o horario particular mediante o cal conciliaría mellor a súa vida laboral, persoal e familiar.

2. Xunto coa solicitude, o persoal deberá achegar a documentación acreditativa de se atopar nalgunha das situacións a que fai referencia o artigo 1.

Artigo 4. Tramitación.

1. A Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior trasladará a solicitude ao correspondente xefe de unidade para o seu informe. O responsable da unidade, cando considere que procede a súa concesión, deberá garantir baixo a súa responsabilidade a atención das necesidades do servizo.

2. A Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior trasladará tamén a solicitude á Xunta de Persoal, á que se lle concederá un prazo de audiencia de dez días.

Artigo 5. Resolución.

Unha vez comprobados os requisitos esixidos, e solicitados os necesarios informes, a Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior formulará unha proposta que lle será remitida xunto co expediente completo á Oficialía Maior para a súa resolución.

Artigo 6. Efectos.

A autorización do horario particular derivado da flexibilización da xornada por motivos familiares e persoais regulada nesta disposición terá efectos mentres duren os supostos de feito que a determinaron.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento e interpretación.

Facúltase a Presidencia da Cámara para ditar as resolucións que sexan precisas para o adecuado desenvolvemento ou interpretación desta disposición, logo do informe da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Estas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2008

Dolores Villarino Santiago
Presidenta